



SESION ORDINARIA DE 28 DE DECEMBRO DE 2021

(Acta número 11)

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto  
D. Pablo Rivera Capón  
D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez  
D. Roberto Fernández Rico  
D. Xosé M<sup>a</sup>. Arias Fernández  
D. José Luis Raposo Magdalena  
D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño  
D. Efrén Castro Caloto  
D. Javier Jorge Castiñeira  
D. Agustín Baamonde Díaz  
D. Roberto García Pernas  
D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa  
D. Pablo Taboada Camoira  
D. José Jesús Novo Martínez  
D<sup>a</sup>. María Loureiro García  
D. Oscar Poy Franco (asiste de xeito telemático)  
D. José Pardo Lombao  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
D. José Ángel Santos Sánchez  
D. Jesús Manuel Núñez Díaz  
D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. González Abelleira  
D. José Manuel Gómez Puente  
D. José Fernández Vázquez

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e oito de decembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D<sup>a</sup>. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	1/79



Intervén o Sr. Presidente para manifestar que o señor Deputado D. Oscar Poy Franco asistirá ao pleno de xeito telemático, e polo tanto a votación efectuarase a man alzada.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE NOVIEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de novembro de dous mil vinte e un, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=1](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=1)

**PARTE RESOLUTIVA**

**COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO**

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, E ANEXOS AO EFECTO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu art. 36 (parágrafo 1º) establece que:

*“1. Son competencias propias da Deputación as que lles atribúan, nese concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:*

*a. A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o apartado a do número 2 do artigo 3l.*

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	2/79



*b. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.””*

E no parágrafo segundo, concreta:

“2. Aos efectos do disposto nos parágrafos a e b do número anterior, a Deputación:


*a. Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración da cal deben participar os municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que atoparase o análises dos custes efectivos dos servizos dos concellos, poderá financiarse con medios propios da Deputación ou entidade equivalente, as achegas municipais e as subvencións que acorden a Comunidade Autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos presupostos ...”*

- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no artigo 110 tamén prevé que as deputacións aproben anualmente un plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal, garantindo a participación dos Concellos na súa elaboración.

- O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes sobre réxime local, no artigo 32, prevé que para o desenvolvemento da cooperación, as Deputacións, coa participación dos Concellos, redactarán os plans provinciais previstos no Art. 36 da LBRL, fixando na tramitación deses plans un trámite de información pública, mediante anuncio no BOP, polo prazo de dez días.

- Tendo en conta devandita normativa, malia que outro ano mais non se recibiu nesta Deputación comunicación de axuda ningunha, nin do Estado nin da Comunidade Autónoma, referente ao Plan Provincial para 2022, o equipo de Goberno ten a vontade de elaboración dun Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, que seguindo as liñas marcadas desde o 2017, vai máis aló das obras e servizos tradicionais e incorpora servizos demandados polos veciños, como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e outros; e programas de emprego para atacar o despoboamento e o

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	3/79



paro: eixes básicos do plan, aínda que cada Concello no exercicio da autonomía a apegados á súa realidade, concrete as accións a desenvolver.


A xustificación de obxectivos, criterios de distribución, obxectividade, transparencia, e participación dos municipios quedan reflectidas nas bases elaboradas e que se someten a aprobación do pleno.

- A Deputación provincial trata así de dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada Concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilizando o seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais, coñecendo os fondos de que dispoñen para un período de tempo razoable de xestión e execución.

- O Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 supón unha consolidación da profunda reformulación iniciada no exercicio 2017, no que atinxe aos instrumentos de cooperación con municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, basicamente, nun Plan Provincial Único que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando deste modo na equidade, obxectividade e transparencia nas políticas e actividade de cooperación cos concellos.

- Nas bases téñense en consideración aquelas recomendacións do Consello de Contas de Galicia emitidas no Informe de fiscalización sobre os criterios de reparto de recursos entre Concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto, incluíndo por parte desta Deputación aquelas que considera axeitadas e realiza a incorporación das mesmas nas Bases do plan, como a indicación de se os investimentos propostos polos Concellos figuran como déficit na enquisa de infraestruturas e equipamentos locais e o ter en especial consideración os Concellos menores, que si ben xa se viña facendo en plans anteriores, queda explicitado dunha forma mais clara nestas Bases de 2022. Neste sentido maniféstase con maior claridade a especial consideración dos municipios con menor capacidade económica, que como xa se viña facendo en anos anteriores consiste en que os Concellos de maior tamaño ou maior poboación teñen limitado a 500.000,00€ a achega, mentres que a todos, incluído os de menor tamaño ou menos poboación se lles garante un

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	4/79



mínimo de 150.000,00€; e habendo outras que non se axustan a realidade ou que xa figuran incluídas en plans anteriores.

- Xunto co anterior, preténdese unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención e convenios; de tal maneira que a colaboración financeira da Deputación cos concellos queda basicamente concentrada neste Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

Xa que logo, este plan único potencia a autonomía e responsabilidade dos Concellos, mostrando o papel colaborador dos gobernos intermedios, como as Deputacións Provinciais; e mostra a convicción de que a cooperación entre administracións e a canle para satisfacer as necesidades dos veciños da Provincia, en accións de gobernanza deseñadas e aplicadas pensando nas persoas.

Son vinte e un millóns e medio de euros para Lugo e os seus habitantes, repartidos por todo o territorio, co obxectivo final de mellorar a economía real, a actividade socioeconómica e calidade de vida.


Por todo o exposto, por esta Presidencia, previo informes dos servizos, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar as bases do Plan Provincial único de cooperación cos Concellos 2022 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

2.- Ordenar que se publiquen as Bases do Plan Provincial de cooperación cos Concellos 2022 no BOP e participalo a todos os Concellos.

3.- Ordenar que pola Unidade de Obras e Plans (Servizo de Contratación e Fomento) se elabore o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 de acordo coas bases e as solicitudes dos Concellos.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	5/79



4.- Someter dito plan, unha vez elaborado, á aprobación do Pleno”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstencións dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=2](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=2)

**3.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN GRATUITA DE TITULARIDADE DE VARIAR PARCELAS PROVINCIAIS A FAVOR DO CONCELLO DE TRABADA.**


Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“Visto que con data do 29 de novembro de 2021 o Concello de Trabada presenta solicitude da cesión gratuíta da titularidade das seguintes parcelas de solo rústico de titularidade provincial situadas no seu concello

Referencia catastral	Superficie :	Valor catastral
27061K004001560000UL	16.321m <sup>2</sup>	1.214,39 €
27061K004001690000UJ	21.439 m <sup>2</sup>	1.746,07 €
27061K004001900000UP	2.949 m <sup>2</sup>	245,16 €
27061K004001920000UT	4.001 m <sup>2</sup>	23,20 €

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	6/79



27061K004001940000UM	10.123 m <sup>2</sup>	680,88 €
27061K004002610000UK	13.559 m <sup>2</sup>	720,95 €
TOTAIS	68.392 m <sup>2</sup>	4.630,65 €

Tendo en conta que as ditas parcelas son de titularidade provincial incorporadas ao Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación das que consta expedida a Certificación da Secretaría Xeral pertinente con data do 15.12.2021 na que se revela o natureza xurídica como ben patrimonial e cun valor total de 320.758,48 €.

Non obstante respecto da titularidade destas parcelas sinálase que o propietario orixinal foi a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) -aínda titular rexistral e catastral ata a súa regularización xurídica- a teor do disposto no Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2020 que adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

*“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.*

*a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.*

*A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020.”*

Así mesmo forma parte do expediente a escritura pública de disolución e extinción da citada mercantil formalizada o día 13 de abril de 2021 ante a notaria de Lugo Natalia Nieto Alba baixo o número 562 do seu protocolo.

A data deste informe a titularidade catastral e rexistral constan a nome da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A e está pendente da súa regularización a favor desta Deputación de Lugo, o que non presenta impedimento para a continuidade do presente procedemento a teor do contido do artigo 125.2 do Regulamento da Lei 33/2003, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto: *“Podrán ser objeto de cesión los bienes no regularizados física o jurídicamente, siempre que estas circunstancias se pongan en conocimiento*

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	7/79



del cesionario y éste asuma la obligación de realizar las actuaciones necesarias para su regularización”.

Consta nota simple actual de inscripción rexistral expedidas polo Rexistro de Ribadeo-A Fonsagrada de todas as parcelas descritas polo Concello da que se deduce o seguinte contido:

Referencia catastral	Titular rexistral	Superficie rexistral		Inscripción rexistral			
				Finca*	Folio	Libro	Tomo
27061K004001560000UL Polígono 4 Parcela 156	SUPLUSA	18.305 m <sup>2</sup>	15.205 m <sup>2</sup>	8.274	19	121	832
			3.100 m <sup>2</sup>	8.275	160	96	522
27061K004001690000UJ Polígono 4 Parcela 169	NON CONSTA INSCRIPCIÓN NIN A NOME DE SUPLUSA NON CONSTA INSCRIPCIÓN A NOME DESTA DEPUTACION DE LUGO						
27061K004001900000UP Polígono 4 Parcela 190	SUPLUSA	3.022 m <sup>2</sup>		7.467	17	121	832
27061K004001920000UT Polígono 4 Parcela 192	SUPLUSA	4.492 m <sup>2</sup>	1.033 m <sup>2</sup>	7.880	13	121	832
			3.459 m <sup>2</sup>	7.881	223	91	517
27061K004001940000UM Polígono 4 Parcela 194	SUPLUSA	10.107 m <sup>2</sup>		7.577	82	121	832
27061K004002610000UK Polígono 4 Parcela 261	SUPLUSA	15.699 m <sup>2</sup>		7.578	84	121	832

\*De todas as fincas rexistrais faise o sinalamento de *finca non coordinada graficamente co catastro*.

Por outra banda, e á vista do exposto, as citadas parcelas foron moi recentemente incorporadas ao patrimonio provincial como resultado da aceptación da cesión universal por esta entidade provincial de todo o activo e pasivo da extinta SUPLUSA polo que non están incluídas en ningún plan de actuación provincial elaborado ata a data.

Non obstante, no exercicio das competencias desta Deputación de Lugo o desenvolvemento dos intereses provinciais tamén se estende ao desenvolvemento dos intereses dos concellos que forman parte da súa provincia, primando o principio de colaboración e coordinación entre administracións cando mais, como no presente caso, concorren ademais do territorio os intereses municipais e provinciais, o que facilitará o establecemento para o Concello dunha folla de

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	8/79





ruta que inclúa as previsións de tempos e desenvolvemento das distintas etapas neste novo proxecto.


Tendo en conta que en relación coa finalidade expresada na solicitude formulada, o Concello revela a necesidade da implantación dun polígono industrial ou agroforestal no seu Concello á que acompaña dunha memoria xustificativa e demostrativa de que a finalidade pública que se persigue redundará en beneficio dos habitantes de toda provincia e en particular dos veciños do seu municipio.

Tendo en conta o informe emitido con data do 16.12.2021 baixo o CSV IV7FGHZKHX2QTBTABUNANXA4A pola Secretaría Xeral Adxunta que, entre outros, sinala que en relación ao cumprimento da finalidade que xustifica a presente solicitude, o teor do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, dispón que se no Acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaron deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Engadindo o artigo 150 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas que no suposto de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou deterioro sufrido polos bens cedidos sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

Tendo en conta que no referido informe do Secretario Xeral Adxunto se expresa que o presente procedemento de cesión gratuíta da titularidade de 6 parcelas provinciais a favor do Concello de Trabada adecúase á lexislación vixente e pode someterse á consideración do Pleno Provincial no que consta coa conformidade da Secretaria Xeral e que ademais informa a Intervención Provincial con data do 20.12.2021 baixo o CSV IV7CUS3YLMVIJSEYAZHE55LAAY en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	9/79



Polo exposto, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, proponse ao pleno provincial:

Primeiro.- Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de Trabasda das seguintes parcela catastrais: 27061K004001560000UL, 27061K004001690000UJ, 27061K004001900000UP, 27061K004001920000UT, 27061K004001940000UM, 27061K004002610000UK, acordo que se entenderá elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

Segundo.- Vincular a presente cesión á implantación dun polígono industrial ou agroforestal no concello solicitante.

Terceiro.- Remitir este acordo ao Concello de Trabada para súa aceptación.


Cuarto.- Realizar a regularización xurídica dos citados inmobles subrogados da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A e posterior baixa no Libro Inventario Provincial pola Sección de Inventario.

Quinto.- Formalizar a presente transmisión de titularidade mediante escritura pública subscrita entre as administracións interesadas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstencións dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	10/79



Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría absoluta a proposta presentada.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=3](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=3)

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADDENDA DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE TRABADA, E DA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE TRABADA, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.**


Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, exponse o seguinte:

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto, a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	11/79



O 09.03.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados nese momento, así como as que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, dando prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Dende a Presidencia da Deputación de Lugo considerouse necesario dar un paso mais neste proxecto para a posta en marcha da actividade destes Centros. Así, para impulsar a inmediata apertura a Deputación Provincial de Lugo aprobou un *Protocolo Xeral de Actuación* pola Xunta de Goberno en sesión realizada o 16.03.2018. O texto o cal déuselle aprobación foi remitido aos diferentes concellos que tiñan Centros de Atención a Persoas Maiores (en adiante CAM) sen actividade. Finalmente o 21.03.2018 os concellos de A Fonsagrada, Pol, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada, formalizaron con esta entidade este Protocolo coa sinatura entre as partes. Posteriormente outros Concellos foron sumándose a esta acordo de vontades, como o Concello de Meira sendo a súa formalización o 04.02.2019.

En base ao Protocolo citado, o 23.03.2018 os Plenos das Corporacións dos Concellos de A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Ribadeo e Ribas de Sil acordaron prestar aprobación ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello Trabada. Posteriormente os Plenos de Castroverde, Meira e Navia de Suarna tamén deron aprobación ao texto do citado Convenio Marco.

O *Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Trabada* foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo o 10.04.2018 e formalizado polas partes o 20.06.2018.

Neste contexto, o Concello de Trabada aprobou o *Convenio Específico para a prestación*

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	12/79




*compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores de Trabada*, o 24.10.2018. A Xunta de Goberno deu aprobación ao citado texto o 02.11.2018, sendo formalizado polas partes o 14.11.2018.

Así Convenio Marco e Convenio Específico constan vixentes neste momento e ata o 20.06.2022.

A 01.12.2021 constan 29 persoas usuarias do servizo de atención residencial, 16 en lista de agarda e 16 pendentes de avaliación técnica, isto deixa de manifesto a necesidade de manter con actividade o Centro de Atención a Persoas Miores de Trabada. Se ben é certo que o Concello pode propoñer unha alternativa de xestión a actual, a día de hoxe, non consta ningunha manifestación ao respecto e por tanto, parece que é necesario prever un marco xurídico que ampare a prestación para o vindeiros anos.

Así dende Benestar Social e Igualdade no informe co CSVIV7FGXCTBP6TZOOYYTUGGADOOM proponse unha prórroga dos actuais convenios, cunha vixencia de oito anos dende a formalización do Convenio Marco e dos efectos económicos ata o 31.10.2025 (engadido), non apostando pola redacción duns novos convenios, debido a actual situación socio-sanitaria derivada da pandemia pola Covid-19 e tendo en conta que a normativa actual está en proceso de revisión en materia de requisitos técnicos, xa que a Administración competente en materia de Sanidade e Servizos Sociais está a elaborar unha nova regulamentación que podería afectar ou non ao sistema prestacional contemplado nos citados Convenios. O informe propón unha prórroga ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais dos documentos iniciais dos Convenios, sinalando que a non continuidade das prestacións reguladas nos convenios deixarían nunha situación de desamparo ás actuais persoas usuarias e deixaría sen opción de acceso a un recurso tan necesario neste momento a outras persoas que están en listaxe de agarda, ou futuras persoas demandantes deste servizos, sendo un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Trabada, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	13/79



No citado informe de Benestar Social e Igualdade trasládase á necesidade de actualizar a diferente regulamentación que no seu día foi aprobada xunto coa actividade económica que rexen o CAM, principalmente para adaptalas á nova normativa e situación socioeconómica, salientando entre outras á Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que reformúlase a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, ó fin de adecuar o ordenamento xurídico á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade do ano 2006. Notar que calquera modificación normativa que afecte ao CAM é recollida e contemplada nos protocolos do Centro, os cales son obxecto de constante revisión.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Intervención, así como o amentado de Benestar Social e Igualdade, proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

**1º.-** Aprobado o texto da Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo-Concello de Trabada.

**2º.-** Aprobado o texto da Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, xunto co Anexo I de estimación e previsión ingresos e gastos.

**3º.-** Aprobado o orzamento vinculado á aprobación das citadas Addendas cun total estimado de 3.212.938,50 € dende o 21.06.2022 ata o 31.10.2025, ambos incluídos coa seguinte distribución:

- 2022 (dende o 21.06.2022): 503.499,83 €
- 2023: 952.573,11 €
- 2024: 957.948,03 €
- 2025 (ata o 31.10.2025): 798.917,53 €

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025. Para a anualidade 2022 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	14/79



pleno o día 30.11.2021, e para as anualidades 2023, 2024 e 2025 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023, 2024 e 2025 as cantidades indicadas e nas aplicacións orzamentarias sinaladas no informe con CSV IV7FGABSPJMJSXUKSVG5CTSRME.

**4º.-** Dar traslado das citadas Addendas ao Concello de Trabada para a súa aprobación, establecendo un prazo dun mes dende a súa notificación, co obxecto de poder formalizalas e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento.

**5º.-** Instar ao Concello a actualizar a normativa vinculada co CAM de Trabada á nova situación socioeconómica con especial mención no relativo á Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, co obxectivo de reforzar os obxectivos recollidos nos Convenio Marco e Específico citados e mantendo o carácter homoxéneo das prestacións na Rede de Centros”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=4](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=4)

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADDENDA DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVICIOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE POL, E DA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVICIOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE POL, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.**

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	15/79



Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:


“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, expone o seguinte:

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto, a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.

O 09.03.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados nese momento, así como as que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, dando prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Dende a Presidencia da Deputación de Lugo considerouse necesario dar un paso mais neste proxecto para a posta en marcha da actividade destes Centros. Así, para impulsar a inmediata apertura a Deputación Provincial de Lugo aprobou un *Protocolo Xeral de Actuación* pola Xunta de Goberno en sesión realizada o 16.03.2018. O texto o cal déuselle aprobación foi remitido aos diferentes concellos que tiñan Centros de Atención a Persoas Maiores (en adiante CAM) sen

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	16/79





actividade. Finalmente o 21.03.2018 os concellos de A Fonsagrada, Pol, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada, formalizaron con esta entidade este Protocolo coa sinatura entre as partes. Posteriormente outros Concellos foron sumándose a esta acordo de vontades, como o Concello de Meira sendo a súa formalización o 04.02.2019.

En base ao Protocolo citado, o 23.03.2018 os Plenos das Corporacións dos Concellos de A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Ribadeo e Ribas de Sil acordaron prestar aprobación ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello Pol. Posteriormente os Plenos de Castroverde, Meira e Navia de Suarna tamén deron aprobación ao texto do citado Convenio Marco.


*O Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Pol foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo o 10.04.2018 e formalizado polas partes o 20.06.2018.*

Neste contexto, o Concello de Pol aprobou o *Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores de Pol*, o 26.10.2018. A Xunta de Goberno deu aprobación ao citado texto o 30.11.2018, sendo formalizado polas partes o 12.12.2018.

Así Convenio Marco e Convenio Específico constan vixentes neste momento e ata o 20.06.2022.

A 01.12.2021 constan 36 persoas usuarias do servizo de atención residencial, 14 en lista de agarda e 29 pendentes de avaliación técnica, isto deixa de manifesto a necesidade de manter con actividade o Centro de Atención a Persoas Miores de Pol. Se ben é certo que o Concello pode propoñer unha alternativa de xestión a actual, a día de hoxe, non consta ningunha manifestación ao respecto e por tanto, parece que é necesario prever un marco xurídico que ampare a prestación para

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	48/79





documento inicial do Convenio, sinalando que, a non continuidade do convenio deixarían sen unha oportunidade de acceso a un recurso tan necesario neste momento ás futuras persoas demandantes destes servizos, sendo un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Ribas de Sil, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Intervención, así como o amentado de Benestar Social e Igualdade, propónse que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

**1º.-** Aprobar o texto da Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo-Concello de Navia de Suarna.

**2º.-** Dar traslado da citada Addenda ao Concello de Navia de Suarna para a súa aprobación, establecendo un prazo dun mes dende a súa notificación, co obxecto de poder formalizalas e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=12](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=12)

**13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE A PONTENOVA, PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚN CONSISTENTES NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE A PONTENOVA.**

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	49/79



Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:

“O Concello de A Pontenova o 20.11.2017 presentou un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (nº de rexistro 34.287), no cal solicitaba o establecemento dun convenio interadministrativo de cooperación, en concreto, para establecer unha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta entre o Concello de A Pontenova e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os seus respectivos títulos competenciais para lograr o fin común da construción dun complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, así como, a necesaria adquisición dos terreos para levar a cabo o citado fin común.

O 21.02.2018 formalizouse entre as partes o Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na “Adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores nese municipio”. Posteriormente, e debido a razóns técnicas, aprobouse unha modificación do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializada esta modificación mediante a formalización o 31.05.2019 da Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova.

Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de aprobar unha segunda Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima relativas ao prazo de execución e vixencia do convenio, ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. No citado informe recóllese expresamente que “a non prórroga do mesmo implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perda da

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	50/79



creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de A Pontenova, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais”.

Xunto co informe da Área de Promoción Económica e Social co CSVIV7F2HYKLLW333RTQTYQB4YV5Y, acompañábase no expediente co núm. 2021/XEN\_01/004261 o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2018, na cal recóllese as modificacións das cláusulas terceira, sexta e sétima, no relativo a prazo de execución e vixencia.


Tendo en conta o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2018 que se propón, así como, o informe do Servizo de Intervención e o informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Proponse que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, aprobado na sesión da Xunta de Goberno realizada o 2 de febreiro de 2018”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	51/79



O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=13](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=13)

**14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL, PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚN CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE FOLGOSO DO COUREL.**


Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:

O Concello de Folgoso do Courel o 8.11.2017 presentou un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (nº de rexistro 32.803), no cal solicitaba o establecemento dun convenio interadministrativo de cooperación, en concreto, para establecer unha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta entre o Concello de Folgoso do Courel e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os seus respectivos títulos competenciais para lograr o fin común de creación dunha residencia e centro de día da terceira idade no Concello de Folgoso do Courel.

O 26.07.2018 formalizouse entre as partes o Convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación de Lugo e o concello de Folgoso do Courel para execución dos fins comúns consistentes na construción de residencia e centro de día da terceira idade no concello de Folgoso do Courel . Posteriormente, aprobouse unha modificación do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializada esta modificación mediante a formalización o 11.02.2020 da Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	52/79



comúns consistentes na construción de residencia e centro de día da terceira idade no concello de Folgoso do Courel.


Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de aprobar unha segunda Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima relativas ao prazo de execución e vixencia do convenio, ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. No citado informe recóllese expresamente que *“a non prórroga do mesmo implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perda da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de A Pontenova, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais”*.

Xunto co informe da Área de Promoción Económica e Social co CSVIV7FEXZML35IKTZL6IM5GVBAHY , acompáñase no expediente co núm 2021/XEN\_01/004290 o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na construción de residencia e centro de día da terceira idade no concello de Folgoso do Courel aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 23 de marzo de 2018, na cal recóllese as modificacións das cláusulas terceira, sexta e sétima, no relativo a prazo de execución e vixencia.

Tendo en conta o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na construción de residencia e centro de día da terceira idade no concello de Folgoso do Courel, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 23 de marzo de 2018 que se propón, así como, o informe do Servizo de Intervención e o informe do Servizo de Contratación e Fomento,

Proponse que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	53/79



Aprobar o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na construción de residencia e centro de día da terceira idade no concello de Folgoso do Courel, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 23 de marzo de 2018”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=14](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=14)

**15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TERCEIRA ADDENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE POBRA DO BROLLÓN, PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚN CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE POBRA DO BROLLÓN.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:

“O 02.02.2018 o Concello de A Pobra do Brollón presentou un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (nº de rexistro 3833), no cal solicitaba o establecemento dun convenio interadministrativo de cooperación, en concreto, para establecer unha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta entre o Concello de A Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os seus respectivos títulos competenciais para lograr o fin común da construción dunha residencia para persoas maiores no Concello de A Pobra do Brollón.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	54/79




O 28.06.2018 asinouse entre as partes o Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no concello da Pobra de Brollón. Posteriormente, e debido a razóns técnicas, aprobáronse dúas modificacións do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializadas estas modificacións mediante a formalización o 05.02.2019 a primeira Addenda e o 13.10.2020 a Segunda Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial do Concello de Pobra de Brollón.

Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de aprobar unha terceira Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima relativas ao prazo de execución e vixencia do convenio, ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. No citado informe recóllese expresamente que *“a non prórroga do mesmo implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perda da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Pobra de Brollón, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais”*.

Xunto co informe da Área de Promoción Económica e Social co CSVIV7FEHASNRNNKWFTCLVDERAWK4, acompañábase no expediente co núm. 2021/XEN\_01/004309 o texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial do Concello de Pobra de Brollón, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 02.03.2018, na cal recóllese as modificacións das cláusulas terceira, sexta e sétima, no relativo a prazo de execución e vixencia.

Tendo en conta o texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial do Concello de Pobra de Brollón,

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	55/79



aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 2 de marzo de 2018 que se propón, así como, o informe do Servizo de Intervención e o informe do Servizo de Contratación e Fomento,

Proponse que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial do Concello de Pobra de Brollón, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 2 de marzo de 2018”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=15](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=15)

--ooOoo--


**16.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA A ELABORACIÓN DUN PLAN ÚNICO PARA CONCELLOS E DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun Plan Único para concellos e Deputacións.

A infradotación orzamentaria dos concellos é unha das grandes materias pendentes do noso sistema democrático. O cambio do modelo de Estado centralista para dar paso ó actual sistema

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	56/79





autonómico, non supuxo unha revisión do modelo financeiro de xeito que os concellos visen garantidos os fondos precisos para poder desenvolver as tarefas que lles ten atribuído o actual ordenamento constitucional.

No caso dos concellos galegos, a vella dependencia de Madrid tense visto substituída por un novo centralismo, o xerado polos gobernos populares ó fronte da Xunta de Galicia. O modelo orzamentario desenvolvido polos sucesivos gobernos do PP vulnera a autonomía municipal por tres vías distintas. Nun primeiro punto de partida, infradota ás facendas locais. Cumpre lembrar que nos 12 anos do goberno de Alberto Núñez Feijóo, o fondo de Cooperación Local non se incrementou nin un euro.

O segundo mecanismo posto en marcha para prexudicar as facendas locais pasa polo absentismo da Xunta, que deixa de asumir competencias que lle son propias, por exemplo en materia de servizos sociais. Ao facelo, obriga ás corporacións locais a destinar parte dos seus fondos a garantir a prestación de servizos que debería sufragar a Xunta. A chegada da covid afondou neste panorama, ca Xunta obrigando ós concellos a asumir gastos sanitarios como a desinfección dos centros educativos, sen achegarlles nin un euro dos 1800 millóns extra que a Xunta percibiu do Estado e da UE para loitar contra a crise.

Finalmente, este panorama se completa cun reparto falto de transparencia, no que prima a concesión de axudas ós concellos en función da súa cor política, sen atender a criterios obxectivos. Nos últimos tempos, o incremento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, que se abren por vía telemática ás 12 da noite e quedan esgotadas apenas cinco minutos despois, explican ben as constantes denuncias expresadas por institucións como o Tribunal de Contas acerca dos modelos de xestión pública do PP.

Dende a Deputación de Lugo facemos nosas as reclamacións de suficiencia financeira formuladas polos concellos galegos no seo da FEGAMP e da FEMP. Así como da necesidade de que se garanta a participación da administración local na xestión dos fondos de reconstrución liberados pola Unión Europea. Os concellos precisan un financiamento suficiente, establecido con criterios racionais, e tendo en conta a carteira de servizos reais que prestan ós seus veciños e

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	57/79



veciñas. Por elo sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia:

- A aprobar un Plan Único para Deputacións e Concellos elaborado de acordo con criterios obxectivos similares ós empregados na Deputación de Lugo.

- A garantir que o devandito Plan Único iguale, polo menos, a porcentaxe orzamentaria que a Deputación de Lugo adica á cooperación cos concellos, que supón un 20% do total. Cos orzamentos da Xunta para 2022, de 11.627 M€ isto equivalería poñer á disposición da administración local galega 2.325M€.

- A presentar á maior brevidade un proxecto de lei de financiamento local acordado coa FEGAMP. Un proxecto que clarifique as competencias municipais, determine o seu financiamento e garanta un fluxo de fondos anuais repartidos de xeito obxectivo e transparente que permita a planificación das políticas municipais”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.


**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=16](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=16)

**17.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA SOLUCIÓNS PARA VESTAS E UN PLAN DE REINDUSTRIALIZACIÓN PARA A MARIÑA.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	58/79



“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia solucións para Vestas e un plan de reindustrialización para A Mariña.

O pasado 20 de setembro a multinacional danesa Vestas anunciaba a súa intención de pechar a súa factoría de Chavín, poñendo en risco máis dun centenar de empregos industriais na Mariña. O anuncio era un máis na serie de malas noticias industriais rexistradas na Mariña ó longo dos 12 anos do goberno do Partido Popular. Nese período, Galicia perdeu uns 20.000 empregos no sector industrial, co peche de empresas tan coñecidas como Vulcano, Barreras, T-Solar, Poligal, Isowat, Viriato, Alfageme.

Na Mariña, os nomes de Alcoa e Vestas súmanse á longa lista de Muebles Hermida, Conservas Alonso, Ecesa, Gres Burela, Construcciones Mon... Empresas de todos os sectores que solo teñen en común o xeito de padecer a ineficacia da política industrial da Xunta de Galicia e o seu desinterese pola Mariña.

No caso de Vestas, dáse a circunstancia de que a empresa decide pechar logo de percibir arredor de 23 millóns de euros en axudas de gobernos conservadores, uns 3 millóns da Xunta de Galicia e preto de 20 do goberno da Junta de Castilla y León. Unhas axudas concedidas sen artellar mecanismos que as vinculen á permanencia no territorio, ou á creación de sinerxías con outros sectores.

Nos tres meses transcorridos dende o anuncio do peche, a Xunta ven facendo de novo gala da súa incapacidade para atopar solucións que permitan manter os postos de traballo ou que revertan a situación de destrución de tecido industrial na Mariña. Como sempre que xorden problemas, o goberno de Alberto Núñez Feijóo decide ignorar as competencias en política industrial ou en deseño de medidas para sectores ou áreas en crise recollidas no Estatuto de Autonomía.

O Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia que cumpra cas

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	59/79



competencias atribuídas nos puntos 1, 2 e 7 do artigo 30 do Estatuto de Galicia, sobre fomento e planificación da actividade económica, industria e os plans de reestruturación económica, implantación de novas empresas e adopción de medidas para comarcas en crise, e en consecuencia poña en marcha:

- Medidas para garantir o emprego dos traballadores da actual factoría de Vestas e das empresas auxiliares.
- Medidas para revisar a política de concesión de axudas e subvencións a empresas, de xeito que estas se vencellen á permanencia no territorio e á xeración de sinerxías con outros sectores produtivos presentes no territorio.
- En liña co anterior, artellar mecanismos para recuperar as axudas concedidas en caso de que as empresas decidan unilateralmente marchar do territorio por estratexias globais alleas á marcha das instalacións que foron obxecto das axudas.
- Un plan de reindustrialización da Mariña que recolla accións concretas, orzamentos e calendario de execución. Un plan que debería estar elaborado pensando en que a zona acade a maior participación posible nos fondos Next Generation, e basearse no diálogo cos axentes sociais, o tecido produtivo, os sindicatos e os alcaldes/as da zona”.

Ante esta moción, preséntanse dúas emendas, unha delas do Grupo Provincial do BNG e outra do Grupo Provincial do Partido Popular, que textualmente din o seguinte:

*Emenda do Grupo Provincial do BNG:*

“O Grupo Provincial do BNG propón engadir os seguintes textos en azul nos seguintes puntos dos acordos propostos:

“.. e en consecuencia poña en marcha:

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	60/79



- Medidas para garantir o emprego [na comarca](#) dos traballadores da actual factoría de Vestas e das empresas auxiliares.

- Medidas para revisar a política de concesión de axudas e subvencións a empresas, de xeito que estas se vencellen á permanencia no territorio e á xeración de sinerxías con outros sectores produtivos presentes no territorio.

- En liña co anterior, artellar mecanismos para recuperar as axudas concedidas en caso de que as empresas decidan unilateralmente marchar do territorio por [estratexias globais alleas á marcha das instalacións que foron obxecto das axudas](#). [E solicitar do Goberno do Estado medidas e mecanismos similares](#).

- Un plan de reindustrialización da Mariña que recolla accións concretas, orzamentos e calendario de execución. Un plan que debería estar elaborado pensando en que a zona acade a maior participación posible nos fondos Next Generation, e basearse no diálogo cos axentes sociais [e económicos](#), o tecido produtivo, os sindicatos e os/as [alcaldes/as da zona](#)".

*Emenda do Grupo Provincial do Partido Popular:*


Emenda de substitución relativa á moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia solución para Vestas e un plan de reindustrialización para A Mariña.

O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír a proposta de acordos formulada de xeito que quede da seguinte forma:

“O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta:

Á Xunta de Galicia para que adopte todas as medidas de apoio aos traballadores e traballadoras afectados polo anuncio de peche da factoría de Vestas en Chavín (Viveiro) e para as súas familias.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	61/79



Ao Goberno de España a activación urxente de medidas pendentes a favor da industria electrointensiva para garantir a súa viabilidade presente e futura, nomeadamente a seguinte:

Proceder á intervención pública na factoría de Alcoa en San Cibrao, inicialmente de forma transitoria e a través da SEPI, co fin de asegurar o mantemento do emprego e da actividade industrial e facilitar a súa posterior venda a un investidor privado que garanta un proxecto industrial viable”.


Por parte do Grupo proponente da moción acéptase a emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG, e non se acepta a presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular

E tendo en conta que polo Grupo Provincial Socialista foi admitida a emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG, a parte dispositiva da moción queda do seguinte xeito:

“.. e en consecuencia poña en marcha:

- Medidas para garantir o emprego na comarca dos traballadores da actual factoría de Vestas e das empresas auxiliares.
- Medidas para revisar a política de concesión de axudas e subvencións a empresas, de xeito que estas se vencellen á permanencia no territorio e á xeración de sinerxías con outros sectores produtivos presentes no territorio.
- En liña co anterior, artellar mecanismos para recuperar as axudas concedidas en caso de que as empresas decidan unilateralmente marchar do territorio por estratexias globais alleas á marcha das instalacións que foron obxecto das axudas. E solicitar do Goberno do Estado medidas e mecanismos similares.
- Un plan de reindustrialización da Mariña que recolla accións concretas, orzamentos e calendario de execución. Un plan que debería estar elaborado pensando en que a zona acade a

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	62/79



maior participación posible nos fondos Next Generation, e basearse no diálogo cos axentes sociais e económicos, o tecido produtivo, os sindicatos e os/s alcaldes/as da zona”.

Efectuada a votación da moción coa inclusión da emenda aceptada polo Grupo proponente, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=17](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=17)

**18.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A DEFENSA DO SECTOR DE VACÚN DE CARNE NA PROVINCIA DE LUGO**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:


“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a defensa do sector de vacún de carne na provincia de Lugo.

*Exposición de Motivos:*

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2.020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía.

O sector do vacún de carne é un dos sectores económicos máis importantes do noso rural. Galicia conta con máis de 19.000 granxas, das cales máis da metade atópanse na provincia de Lugo. Son granxas que na maioría dos casos constitúen o sustento de familias enteiras que

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	63/79



contribúen dun xeito directo a manter poboación no medio rural, a manter o territorio e a xerar emprego e riqueza en toda a provincia.

Son por outra parte, na maioría dos casos, granxas dimensionadas e adaptadas á nosa realidade territorial e económica e que na maioría dos casos completan o ciclo de cría dos becerros, en base a pasto e ao leite das súas nais e dos propios forraxes da granxa, fortificando a sostenibilidade económica, social e ambiental.

Botemos unha ollada ós lumes que ano tras ano asolan sistematicamente comarcas abandonadas do interior e da montaña de Lugo, e razoemos sobre este feito e o despoboamento e valoremos na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas e de montaña.


Galicia aportou en 2.018 un 11% da produción de carne de vacún dentro do estado español. Pero en marzo do 2020, o estado de alarma veu trastorna-la vida e as condicións sanitarias, económicas e sociais dos galegos e galegas e diríamos máis, de toda a cidadanía do mundo. E así en Galicia, co parón do turismo e de toda actividade hostaleira, freouse tamén o consumo de carne fundamentalmente no mercado da hostalaría e restauración e provocou unha forte baixada dos prezos pagados ós produtores/as que contrasta co incremento significativo no prezo medio da cesta da compra.

Se ben é certo que foi o peche e as continuidade das restricións no “HORECA” quen reduciu a demanda, certo é tamén que o consumo de carne nos fogares aumentara na pandemia nun 33% e aquí as contas non dan.

Unha boa parte desta carne de vacún, cunha calidade consolidada, comercialízase baixo o selo da IXP “Ternera Gallega”. Trátase dunha produción sustentable de recoñecida calidade nos mercados galegos (50% do mercado), estatais (45% do mercado) e internacionais (5% do mercado).

Esta produción cárnica é a principal actividade económica de moitas comarcas, como as zonas dos Ancares, A Fonsagrada, a comarca de Sarria, a Terra Chá, ou O Courel. Dalgunhas case

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	64/79





que podemos dicir que é a única, e no caso de desaparecer, viría acrecenta-lo problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico coma o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da produción e fornecemento de alimentos para a sociedade e da recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da produción como na do consumo.

A pandemia do Covid non fixo máis que agravar a situación de afogamento que leva padecendo o sector nos últimos anos, debido ao incremento continuo dos custes de produción. Non existen mecanismos reais que eviten que os gandeiros vendan os seus produtos a perdas, e non existen ferramentas que fornezan aos produtores dun verdadeiro poder de negociación na cadea agroalimentaria fronte á industria e a distribución.

O coronavirus foi utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeneralizada dos prezos ó produtor, que logo converteu en crónica pasado o período máis restritivo da pandemia.

Nada trouxo de novo o paso polo Congreso e polo Senado a modificación da Lei da Cadea Alimentaria; no seu aspecto máis necesario para o produtor nada se clarificou nin modificou. Non temos ferramenta clara. Será preciso tirar de valentía política e sentido común para protexer estes sectores ameazados.

Porque logo dos negativos efectos do confinamento e das restricións da Pandemia, chegaron os tempos das subas desmedidas dos prezos da enerxía eléctrica, dos combustibles, dos concentrados, dos abonos... A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria, no prezo final do produto, para estes custes de produción. Mais non é así, aínda ben, os prezos ó produtor baixaron.

Nada se move desde o goberno da Xunta de Galicia para que o produtor reciba un prezo xusto consonte ás subas dos custes de produción xa citadas. Ningún xeito de arbitrase e ningún mecanismo que determine o cálculo que permita fixar un prezo de referencia para así cumprir co mandado na Lei da Cadea Alimentaria na letra c) do apartado 1 do artigo 9 e no artigo 12 Ter. Destrución de valor na cadea.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	65/79



Sobran os oportunismos partidarios con ataques e desleixo de responsabilidades por parte do goberno galego que en nada axudan a este sector cárnico vacún coma tamén nada soluciona a formulación de rimbombantes dereitos dos produtores a recibir pagos por riba dos custes de produción se a Lei da Cadea Alimentaria non establece mecanismos para determinar o cálculo dos custes de produción de referencia.

Débase conformar a cadea de valor agroalimentaria de abaixo cara arriba, evitar prácticas desleais na contratación, aumentar os supostos nos que é obrigatorio consignar por escrito as relacións contractuais do sector para gañar seguridade xurídica e ampliar o catálogo de prácticas desleais a evitar.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumprimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforzar a posición negociadora de tódolos chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións.

A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente que vele polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubri-los custes de produción, para os que se debería constituír unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego.

De non existir solucións reais a estas problemáticas a curto e a longo prazo, moitas destas granxas veranse obrigadas a pechar. Cómpre polo tanto loitar en todos os ámbitos por conseguir unhas melloras que permitan asegurar unha continuidade na tecido produtivo primario futuro.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	66/79



Promover un Foro de encontro e debate e negociación ou mesa sectorial arbitrada e moderada pola Consellería do Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción, obtención e comercialización da carne de vacún: Produtores, axentes comercializadores, Industria e Distribución.

1º.- A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias velará, porque nos novos contratos a asinar entre produtores e os axentes comercializadores, nos prezos acordados, se incorporen cláusulas de actualización automática consonte as subas con referencia ós incrementos dos distintos factores que inciden na produción (alimentación do gando, outros insumos, abonos, fitosanitarios, combustibles, electricidade, custes enerxéticos, etc...)

2º.- Demandar do goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta pública, obxectiva que determine o cálculo para obter os custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios, ou que no seu caso se permita utilizar para a súa determinación fontes do Ministerio de Agricultura (o ECRAE - Estudio de Costes y Rentas de las Explotaciones - ou o RENGRATI (Red Nacional de Granjas Típicas), os estudos publicados polos diferentes observatorios da Comunidade Autónoma ou os realizados pola Universidade ou organismos públicos.

3º.- Instar á Consellería de Medio Rural a que estableza un programa de axudas directas ao sector gandeiro produtivo primario da carne de vacún en Galicia. Activar estas axudas, autorizando un pago adicional por becerro sacrificado vinculado a vaca nutriz que permita equilibrar os prezos; ou ben facendo un pagamento directo por vaca nutriz ou por granxa, para deste xeito asegurar que se está a pagar directamente a quen cría os becerros garantindo así a continuidade das granxas, moitas delas situadas en zonas desfavorecidas e de alta montaña.

4º.- Solicitar á Consellería de Medio Rural, a elaboración dun plan estratéxico de comercialización dos produtos da carne de proximidade e de calidade a través das plataformas electrónicas e baixo a modalidade on-line ou de venta directa. Faise necesario formar e capacitar e estes pequenos/as gandeiros nas ferramentas TIC para salvar a fenda dixital cada día máis enorme no noso rural, e tendo en conta a estrutura demográfica con titulares de idade avanzada á fronte deste tipo de explotacións gandeiras. Débense crear os mecanismos necesarios que permitan

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	67/79



establecer unha diferenciación clara do excelente produto dos nosos gandeiros/as, fronte á produción de outras zonas de España ou do exterior, fundamentados en sistemas máis intensivos e máis dependentes de insumos externos.

5º.- Instar á Xunta de Galicia a que deseñe e poña en práctica un programa de estratexias na innovación tecnolóxica nas granxas de produción de carne, como a investigación en materia de elaboración de novos produtos elaborados, envases con novas técnicas de conservación, busca de novos mercados exteriores (acordos para fomento da internacionalización), fomento da programación de partos coa finalidade de desestacionalizar a produción e adecuala á demanda real. É preciso asegurar unhas condicións de viabilidade técnica e económica na incorporación de novos mozos/as á actividade gandeira de produción de carne, así como no relevo xeracional ao fronte das granxas existentes.

6º.- Solicitar á Xunta de Galicia, a creación dunha normativa hixiénico-sanitaria que permita dun xeito sinxelo acceder as granxas a realizar venda directa e creación dunha rede de matadoiros comarcais como único xeito de dotar de valor engadido as granxas”.

O pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=18](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=18)

**19.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A SITUACIÓN DOS SERVICIOS FERROVIARIOS NA PROVINCIA DE LUGO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, a teor do seguinte texto:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a situación dos servizos ferroviarios na provincia de Lugo

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	68/79



*Exposición de Motivos:*


Despois de máis de 20 anos de atraso, Galiza vén de asistir a unha nova reinauguración do AVE dentro da súa historia ferroviaria. Coa aproximación da liña de alta velocidade até Taboadela, en Ourense, vemos como o cumprimento tardío dalgúns dos compromisos en materia de ferroviaria pendentes por sucesivos gobernos centrais de PP e PSOE non se acompaña cun desenvolvemento axeitado das conexións interiores do país. Máis aínda, o aumento das frecuencias e opcións de conexión coa meseta, necesarias e positivas, está a supor a alteración de servizos e horarios causando importantes prexuízos. Así mesmo, acompañase no tempo tanto da non recuperación de servizos suprimidos coa coartada da covid-19 (caso do Avant Ourense-Santiago das 06:45) como da supresión de máis servizos (como é o caso da precaria conexión Lugo-Santiago).

Desde hai anos Renfe e Adif, por decisións políticas do PP e do PSOE, avanzaron nunha liña de baleirado de servizos ferroviarios. Co paso dos anos, no lugar de mellorárense as conexións entre as poboacións, a liña é a contraria, singularmente no que respecta ao interior do país e á conexión de Ferrol co resto do eixo atlántico. Exemplos da falta de desenvolvemento dunha planificación ferroviaria acorde coas necesidades do país e en concreto da nosa provincia podemos atopar a cotío nas incidencias recollidas pola prensa.

A preocupación social a respecto da situación na que se atopa o tren en Galiza e, especialmente, nas comarcas de Lugo fainos traer novamente este asunto ao Pleno da Deputación de Lugo. Queremos por de manifesto coma a cidade de Lugo é unha mostra perfecta do agravio que sofre Galiza en materia de infraestruturas e, especialmente, en materia ferroviaria. O que queda reflectido nas seguintes circunstancias:

- 1.- Lugo é a única cidade do país que non ten conexión directa coa capital, Compostela.
- 2.- En pleno século XXI continúa sen electrificar a vía tanto cara á Ourense (aínda que o Goberno español xa iniciou os traballos) como cara á Coruña.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	69/79



3. O servizo que até o momento ofrecía unha conexión supostamente directa con Compostela (a través da cidade de Ourense mais sen cambiar de tren) foi suprimida obrigando ás persoas viaxeiras a facer transbordo.

4. A falta de persoal e de mantemento da vía provoca continuas incidencias. Sen ir máis lonxe, no primeiro semestre de 2021 suprimíronse 43 trens por falta de persoal.

De igual maneira, a comarca da Mariña –xunto con Ferrolterra e Ortegal– padece as consecuencias do progresivo desmantelamento do antigo FEVE e o sur da provincia viu como nos últimos anos desaparecían paradas e frecuencias que foron mermando a calidade dun servizo xa de pésimas condicións.

O tren é un medio de transporte fundamental no presente mais tamén un elemento chave para o futuro pois representa unha alternativa sustentábel ao transporte de viaxeiros e mercadorías por estrada, supón un importante factor no proceso de descarbonización da economía e un mecanismo de cohesión social e vertebración territorial.


Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

**1.-** Esixir do Goberno do Estado Español:

- a) A electrificación completa e urxente da vía entre Lugo-Ourense e Lugo-A Coruña.
- b) A implantación da conexión directa entre Lugo e Compostela a través do estudo da variante entre Curtis e Ordes.
- c) A dotación dos recursos humanos, especialmente maquinistas, necesarios para garantir o servizo tanto nas conexións ferroviarias desde Lugo e desde Monforte, como no antigo FEVE.
- d) A ampliación das frecuencias para garantir un servizo de calidade que responda ás necesidades da poboación e fomenta o uso do tren coma servizo de cercanías fronte ao uso do vehículo particular.

**2.-** Instar a Xunta de Galiza a demandar a transferencia das competencias en materia ferroviaria para poder desenvolvermos un tren galego de proximidade. E a iniciar os traballos e

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	70/79



estudos necesarios para a súa planificación e posta en marcha”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=19](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=19)

**20.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, DE APOIO AO SECTOR PESQUEIRO.**


Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular de apoio ao sector pesqueiro.

*Exposición de Motivos:*

A Deputación de Lugo ten, entre ás súas áreas de goberno, a de Medio Rural e do Mar. Con respecto a Mar, a propia Deputación se atribúe unha longa lista de competencias e obrigas. Pese a elo, a actuación da Deputación Provincial de Lugo a prol do sector pesqueiro límtase a unhas subvencións pírricas e só en momentos concretos, sen existir un plan de axudas estruturadas e de carácter anual destinadas a este sector de vital importancia na nosa provincia e para a nosa xente do mar. Nada hai nos orzamentos aprobados pola Deputación para o 2022 que indique un cambio de tendencia na liña de abandono do sector pesqueiro da provincia mantida ata agora pola Deputación.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	71/79



Ademais, a lista de problemas xerados ao sector pesqueiro galego por parte do Goberno central e ampla e por todos coñecida: recurso interposto respecto do Plan xeral de explotación marisqueira, problemas na vacinación dos mariñeiros, modificación da Lei de Costas pola Lei de cambio climático, prohibición de comercialización do marraxo e non hai proposta algunha nin mención ao sector no Plan España 2050.

A estes ataques ao sector súmanse as complicacións que chegan dende Europa, como o Regulamento de Control da Pesca e a posibilidade de supresión das bonificacións ao gasóleo para o sector da pesca .A este respecto cabe destacar tamén que as estimacións realizadas pola Consellería do Mar sobre os recortes nos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas no Cantábrico Noroeste e en augas de Francia aprobados no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea desta semana auguran un posible impacto na economía galega de máis de 16 millóns de euros. A consellería de Mar considera que dita cifra -que se engade aos 26 millóns estimados nas rebaixas das posibilidades de pesca establecidas en 2020 para este ano que está a piques de rematar- inclúe as consecuencias no conxunto de actividades vencelladas co sector marítimo-pesqueiro galego, que ten incidencia dalgún xeito en 64 das 81 ramas de actividade económica existentes na comunidade. Esta suma de iniciativas danarían de gravidade a un sector, tan importante para a provincia de Lugo e nomeadamente a toda a Mariña lucense, que move máis de 100 millóns de euros solo en primeira venda de produtos frescos do mar, que xera máis de 1.500 postos de traballo directos e moitos máis indirectos e que é responsable do movemento global de máis de 500 millóns de euros en toda a cadea mar-industria lucense.

Por todos é sabido que o sector pesqueiro é un dos motores económicos máis importantes da Mariña lucense, xa que supón máis do 20% dos quilos descargados na Comunidade e constitúe o 25% de facturación con respecto ao total de Galicia.

Cómpre que a Deputación Provincial de Lugo tome conciencia desta importancia e que traballe, conforme ás súas propias liñas de traballo manifestadas no seu marco competencial e de actuación, para apoiar a este sector estratéxico para a provincia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	72/79





1º.- O Pleno da Deputación insta ao equipo de goberno provincial a incrementar o esforzo orzamentario destinado ao fomento de políticas a favor do sector pesqueiro da provincia de Lugo.

2º.- O Pleno da Deputación insta ao equipo de goberno provincial a dirixirse ao Goberno do Estado para:

a. Esixir a defensa dos intereses da frota diante da UE, opoñéndose ás medidas que contempla o Regulamento de Control da Pesca, nomeadamente a inclusión das cámaras a bordo, a imposición da xeolocalización e a obriga do diario electrónico de pesca.

b. Unha defensa firme da frota diante da UE para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible para o sector pesqueiro”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**


[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=20](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=20)

**21.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A POÑER EN VALOR O CASTRO DAS ENGRÓBIAS NO CONCELLO DE FOZ.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	Fecha y Hora	13/01/2022 11:17:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	Página	73/79



Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno da Deputación a poñer en valor o Castro das Engrobias no concello de Foz.

*Exposición de Motivos:*

O Castro das Engrobias ou Castro de Lelle, no concello de Foz, ten a consideración de ben catalogado. Trátase dun asentamento fortificado, formado por un recinto central delimitado por un parapeto na súa metade norte e por un terraplén na súa metade sur. O conxunto aparece rodeado por un foxo. A parte sur, moi alterada, está conformada por unha terraza con terraplén, froito tal vez de alteracións posteriores no sistema defensivo, probablemente ocasionadas polas labores agrícolas e plantacións forestais. Noutras zonas tamén se ven recheos que virían a colmatar os foxos nestes sectores.

O proxecto para a recuperación deste castro remóntase ao ano 2017 cando o equipo de goberno municipal apostou por poñer en valor o mesmo e decidiu adquirir os 15.000 metros cuadrados, destinando 90.000, 00 € do Plan Único de cooperación cos concellos desa anualidade.


No ano 2018 levouse a cabo a limpeza do mesmo e o desbroce baixo a supervisión dun arqueólogo.

Ao ano seguinte, por iniciativa do Grupo Municipal do P.P. no concello de Foz, aprobouse pola corporación municipal unha proposta para instar ao goberno local a que iniciara a posta en valor do castro e instar á Xunta de Galicia a promover un convenio co Concello para financiar dita intervención.

A través deste acordo liderado polo Partido Popular, a Xunta de Galicia, en coordinación co Concello de Foz, vén de comezar unha intervención arqueolóxica de limpeza e sondaxe no Castro das Engrobias, tamén coñecido como Castro de Lelle. Os traballos servirán para conservar e manter este ben e facilitar a súa visita e divulgación ao gran público.

As sondaxes van permitir que se poida caracterizar cultural e temporalmente así como para facer unha revisión puntual do entorno inmediato do castro e comprobar así a posible existencia de

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	74/79



minería antiga neste punto. As actuacións, para as que se prevén uns tres meses, inclúen unha prospección arqueolóxica tamén da área comprendida entre os núcleos de Ferreira Vella e O Vao, para determinar a posible existencia destes restos de minería antiga. A prospección arqueolóxica realizada nesta área demostra, segundo afirma o técnico, que o castro está vinculado coa minería romana.

Outra das propostas do grupo municipal do P.P. recollidas na iniciativa do 2019, tendo conta que o castro está situado a 500 metros da Basílica de San Martiño de Mondoñedo, foi habilitar un sendeiro peonil entre os dous recursos.

Estes bens patrimoniais están vencellados innegablemente á historia de Galicia e a noso desenvolvemento como pobo. Queremos que isto siga sendo así e por iso dende todas as administracións debemos facer un novo esforzo para que estes bens continúen sendo unha testemuña da nosa identidade e cultura.

Cómpre sinalar que nesta liña o “Plan Catedrais de Galicia 2021-2027” aprobado este ano pola Xunta (plan deseñado co horizonte do Xacobeo 2027) se inclúen actuacións na antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo, en Foz. A Administración autonómica investirá 450.000 €. na coñecida como a catedral en pé máis antiga de España, onde está previsto actuar para resolver o alto nivel de humidade do interior, acondicionar a horta da reitoral e restaurar as pinturas murais.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación insta ao goberno provincial a aprobar, á maior brevidade, un convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación e o concello de Foz para a creación dunha senda peonil entre a antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo e o Castro das Engrobias, tamén coñecido como Castro de Lelle, no concello de Foz”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	75/79



Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=21](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=21)

**PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

**22.- CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE UN DO PRESENTE MES DE DECEMBRO, SOBRE ATRIBUCIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL A DEPUTADOS PROVINCIAIS.**

Dáse conta das resolucións da Presidencia de data un do presente mes de decembro, sobre a atribución do réxime de dedicación exclusiva ao señor Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular D. Jesús Manuel Núñez Díaz, e o réxime de dedicación parcial ao señor Deputado D. José Fernández Vázquez, membro do Grupo Provincial do Partido Popular. O Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=22](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=22)

**23.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 17 DE DECEMBRO DE 2021, RELATIVO AO CAMBIO DE DATAS DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓN CORRESPONDENTES ÓS DÍAS 24 E 31 DO PRESENTE MES.**


Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno de 17 de decembro de 2021, relativo ao cambio de datas de celebración das sesións correspondentes ós días 24 e 31 do presente mes de decembro, polo que se acorda a súa celebración os días 23 e 30 respectivamente. O Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=23](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=23)

**24.- CONTA DO INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DA CONTA 413 DO EXERCICIO 2020.**

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	76/79



Logo de ver o informe de control financeiro da conta 413 do exercicio 2020, o Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=24](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=24)

**25.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta de novembro de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4062 ao 4552. O Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=25](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=25)

**26.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=26](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=26)

**ASUNTO DE URXENCIA**

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que, antes do apartado de Rogos e Preguntas, vaise someter á consideración do Pleno unha proposta de urxencia; polo que se procederá en primeiro lugar á votación da declaración de urxencia da mesma e, de ser aprobada, o debate e votación da proposta.

**RECLAMACIÓNS ADMINISTRATIVAS AO ORZAMENTO XERAL DE 2022, E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, a teor do seguinte texto:

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	77/79



“O proxecto de Orzamento Xeral 2022 da Excma. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria o pasado 30 de novembro, e exposto ó público segundo anuncio no BOP nº 276, do 1 de decembro, por espazo de 15 días hábiles.

Preséntase alegación en prazo a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, no Rexistro Xeral de entrada, o 23.12.2021 co número 2021RPE034012 de rexistro, por Lourdes Pedrazuela Bea, co DNI número \*\*\*0381\*\*, en representación da “Unión Sindica Obrera (USO)”.

Xustifícase a urxencia do tratamento polo Pleno ordinario de decembro do asunto relativo á resolución da única alegación presentada e aprobación definitiva do Orzamento provincial, considerando a importancia do documento orzamentario como soporte económico da acción da Deputación Provincial de Lugo, e correcto funcionamento dos servizos públicos, garantindo o cumprimento do mandato legal previsto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, respecto da entrada en vigor con data de 1 de xaneiro.


Á vista do escrito presentado e do Informe de Intervención, ponse de manifesto a procedencia de desestimar a reclamación presentada no relativo ao teletraballo e a inadmisión do resto dos motivos como reclamación administrativa ao Orzamento Xeral 2022, polo que en base a dito informe propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Desestimar a reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obreira.

**2º.-** Aprobar definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2022, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

**3º.-** Dar conta na vindeira sesión das Comisións Informativas ás que lles corresponde o coñecemento deste asunto”.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	78/79



O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á declaración de urxencia da proposta.

Unha vez rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular, dos cales once están presentes no Salón de Pleno, e un deputado, nomeadamente D. José Angel Santos Sánchez que se ausentou durante o debate desta proposta, o que equivale a efectos de votación a unha abstención segundo dispón o artigo 100.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=27](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=27)

**27.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

**Intervencións:**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202112281106000000\\_FH.mov&topic=28](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202112281106000000_FH.mov&topic=28)

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

	IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A	<b>Fecha y Hora</b>	13/01/2022 11:17:18
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CQSA5DTPWXF4WRXHB4AT4A</a>	<b>Página</b>	79/79

